

O FERVEDOIRO


Cuntis - (ofervedoiro@hotmail.com)

« [Día das Letras Galegas para Xohán Xesús González: adiante!](#)

O Día das Letras 2008 para Álvarez Blázquez

Finalmente, a Real Academia Galega acordou onte elixir a figura do tudense Xosé María Álvarez Blázquez para ser homenaxeado o vindeiro ano co Día das Letras Galegas. Deste xeito, Xohán Xesús González, a proposta impulsada por nós, terá que agardar cando menos outro ano máis.

Estamos convencidos de que para o ano (a homenaxear en 2009) será unha das figuras con máis posibilidades. Dende O Fervedoiro seguiremos a traballar na procura de apoios e pola recuperación da súa memoria con diversos actos co obxectivo de que dentro dun ano o noso ilustre veciño conte cun firme respaldo e sólida vontade por parte de todos/as dende a súa vila natal para que lle sexa outorgado este recoñecemento.



Xosé María Álvarez Blázquez foi merecente, para a RAG, de recibir as honras do 17 de maio do ano que vén. Nacido en Tui en 1915, foi fundador da primeira editora en lingua galega en 1950, *Monterrey*, que se refundaría en 1967 co nome de *Castrelos*. Foi militante da Federación de Mocidades Galeguistas e do Partido Galeguista. Da súa obra en galego temos que citar *Os ruíns* (1936) e *A pega rabilonga e outras historias de tesouros* (1971). Na parte lírica, *Poemas de ti e de min* (1949), *Roseira do teu mencer* (1950), *Cancioneiro de Monfero* (1953), *Romance do pescador peleriño* (1954) e *Canle segredo* (escrita en 1954 e publicada 22 anos despois). Como ensaísta ten publicado *Escolma de poesía galega II: A poesía dos séculos XIV a XIX* (no 59), *Escolma de epigramas* (1968), e *Escolma de poesía medieval* (1975).

Faleceu en Vigo no 1985 e cómpre salientar tamén que á pai dos irmáns Álvarez Cáccamo, coñecidos escritores de hoxendía na nosa lingua.

Domingo, Xullo 1st, 2007 at .
Filed under [Acudeali!](#), [cultural](#).
Subscribe to [RSS 2.0](#).
Comments and trackbacks disabled.

Comments are closed.

•

•

• **Pages**

- [Nós](#)
- [>>>ESPECIAIS: A construción do Encoro](#)